

REGULAMENTO DA ANDAINA DE ESTEIRO 2024



- ✓ A “Asociación Os Salta Rejos”, organiza a “Andaina de Esteiro 2024” que se celebrará o día domingo 9 de xuño de 2024, con saída e chegada no pavillón deportivo municipal de Esteiro. Coordenadas G.P.S.: 42°47'44.9"N 8°58'47.4"W
A saída darase as 09:00 horas para a andaina. Hora límite de chegada, ás 14:00 horas .
- ✓ Só será considerado participante, a persoa que se inscriba mediante a páxina de <https://www.galitiming.com/>, faga efectivo o prezo da inscrición, o cal será de 7€, e marque a casíña de ler e aceptar o regulamento. No caso de non asistir non se devolverá o importe.
O número máximo de participantes será de 150.
- ✓ O prazo para anotarse pecharase o día 6 de xuño de 2024 ás 23:59 h. ou cando a organización o estime oportuno en función do número máximo de inscritos.
- ✓ O percorrido será de e 18 e 10 kms, con dificultade técnica media, polo que cada participante, coa súa inscrición, manifesta encontrarse fisicamente apto para a actividade e levará roupa e calzado (recoméndase bastón) adecuados para a realización desta actividade, eximindo a Os Salta Rejos como organizador, de calquera responsabilidade relacionada con isto. Para isto necesita traer asinado consentimento informado que o poderá encontrar na zona de descargas do participante da web de inscrición.
- ✓ A organización ten pleno dereito a cancelar/aprazar a actividade se a predición meteorolóxica é adversa ou modificar o percorrido in situ debido a imprevistos na ruta e co fin de preservar a seguridade dos participantes. As conondiciones meteorolóxicas extremas serán marcadas segundo AEMET ou METEOGALICIA, por forza maior sin que iso signifique a devolución do importe íntegro ou parcial da inscrición.
- ✓ As comunicacións da organización sobre os detalles da ruta, faranse pola páxina web dos Salta Rejos (<https://www.facebook.com/ossalta.rejos.1>).
- ✓ A organización disporá dun seguro de Responsabilidade Civil e un Seguro de accidentes, tal e como se require na normativa dos eventos deportivos da Xunta de

Galicia. Non entrarán dentro das coberturas do seguro aqueles participantes que non cumpran os horarios de saída e chegada máximos impostos pola organización

- ✓ Haberá a disposición d@s participantes un avituallamento sólido no km 13, unha froita e auga ao recoller o dorsal, uns pintxos a partir das 13:00 hrs, así como servizos de duchas e vestiarios.
- ✓ A circulación de vehículos e persoas non estará cortada polo que os participantes deben extremar a precaución en cruces coas estradas e zonas habitadas, considerando a actividade como unha excursión persoal. A andaina será de velocidade libre, con percorrido marcado previamente.
- ✓ Os/as participantes deberán portar un *dorsal* que os acredite como inscritos, a cal recollerán no pavillón desede as 8:00 ata 10 minutos antes da saída de cada proba. O camiñar por ruta non sinalizada e allea á marcada pola organización, suporá o desestir da proba, abandonar esta e renunciar ás pólizas de seguros subscritas.
- ✓ A idade mínima para poder participar na marcha, será de 8 anos. Estes poderán participar cunha autorización asinada polo pai, nai ou titor, xunto cunha copia do DNI da persoa que a autoriza.
- ✓ A aceptación deste regulamento implica obrigatoriamente que o participante autoriza á Organización da proba á gravación total o parcial da súa participación na mesma e presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe para a promoción e difusión da proba de tódolos xeitos posibles (radio, prensa, vídeo, foto, dvd, internet e redes sociais...), cedendo todos os dereitos relativos á publicidade que a organización considere oportuno executar, sen dereito a recibir compensación algunha.
- ✓ O feito de inscribirse na marcha, supón a aceptación do presente regulamento e das normas da organización e a renuncia a todos os dereitos contra a organización, patrocinadores e colaboradores dos danos que poida sufrir no transcurso da mesma. Así se asina e manifesta na entrega obrigatoria do consentimento informado que se debe presentar ao recoller o dorsal/chip/pulsera.

<https://es.wikiloc.com/rutas-senderismo/iv-andaina-de-esteiro-saltarrejos-129003673>

<https://es.wikiloc.com/rutas-senderismo/iv-andaina-de-esteiro-saltarrejos-curta-132681242>

En Esteiro a 26 de febreiro de 2024

Os Salta Rejos